

## INFORME CLIMATOLÓXICO MES DE XULLO 2006

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m<sup>2</sup>).

### A CORUÑA

	XULLO 2006	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	<b>20.7</b>	18.7	20.2 (1999)	17.2 (1977)
Tª mínima media	<b>17.9</b>	15.6	17.0 (1999)	14.0 (1978)
Tª mínima absoluta	15.2 (día 6)	10.2 (08/07/1978)		
Tª máxima media	<b>24.3</b>	21.8	24.1 (1976)	19.8 (1977)
Tª máxima absoluta	<b>34.4 (día 17)</b>	33.6 (19/07/1989)		
Precipitación acumulada	7.4*	31	74 (2001)	2 (1986)

#### Comentario:

Temperaturas superiores aos valores medios, especialmente no caso das máximas. Os valores promedios das máximas, mínimas e medias superaron os valores máximos da serie dende 1973. A temperatura máxima absoluta acadada na estación de Coruña supera o máximo histórico de xullo no período 1973-2003

A chuvia acumulada foi inferior ao valor agardado, pero é un valor incompleto

### SANTIAGO

	XULLO 2006	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	20.5	18.4	21.0 (1989)	15.7 (1977)
Tª mínima media	<b>15.9</b>	12.8	14.5 (1989)	10.5 (1980)
Tª mínima absoluta	10.8 (día 6)	5.0 (12/07/1978)		
Tª máxima media	27.1	24.0	27.6 (1990)	19.8 (1977)
Tª máxima absoluta	<b>38.9 (día 17)</b>	39.4 (20/07/1990)		
Precipitación acumulada	13.2	38	97 (2001)	3 (1986)

#### Comentario:

Temperaturas superiores aos valores agardados, especialmente no caso das máximas. O promedio das temperaturas mínimas superou o valor máximo da serie.

A chuvia acumulada foi inferior ao valor medio agardado. O mes pode considerarse seco

## LUGO

	XULLO 2006	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	20.0	19.0	21.8 (1999)	16.1 (1980)
Tª mínima media	14.3	13.1	15.9 (1999)	9.1 (1980)
Tª mínima absoluta	6.7 (día 6)	4 (17/07/1980)		
Tª máxima media	27.6	24.9	28.1 (1976)	21.9 (1982)
Tª máxima absoluta	38.1 (día 17)	39.0 (20/07/1990)		
Precipitación acumulada	6.2	23	105 (1977)	0 (1986)

### Comentario:

Temperaturas medias e mínimas superiores aos valores agardados (aínda que non tanto como en outros puntos de Galicia). O aumento foi maior no caso das máximas.

A chuvia acumulada foi inferior ao valor medio agardado. O mes pode considerarse seco

## LOURIZÁN

	XULLO 2006	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	<b>21.7</b>	19.9	21.5 (1990)	18.1 (1977)
Tª mínima media	<b>16.5</b>	14.3	16.2 (1989)	12.2 (1980)
Tª mínima absoluta	12.6 (día 6)	7.6 (03/07/1997)		
Tª máxima media	<b>28.1</b>	25.5	28.1 (1989)	22.7 (1983)
Tª máxima absoluta	40.8* (día 17)	36.4 (22/07/1990)		
Precipitación acumulada	3.2*	38	114 (2001)	0.5 (1981)

### Comentario:

Temperaturas superiores aos valores agardados, especialmente no caso das máximas. Os promedios acadaron ou mesmo superaron os valores máximos da serie histórica.

Nota: A temperatura máxima absoluta do día 17 foi tomada excepcionalmente doutra estación en Pontevedra. Esta temperatura superou á máxima de xullo do periodo 1973-2003 e o valor máximo absoluto da serie de Lourizán: 39.6, o 14 de xuño de 2003

A chuvia acumulada foi inferior ao valor medio agardado pero hai que ter en conta que é un valor incompleto porque a estación averiouse 4 días do mes.

**OURENSE**

	XULLO 2006	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	23.6	22.1	25.0 (1989)	19.0 (1977)
Tª mínima media	<b>17.3</b>	14.6	16.8 (1979)	11.8 (1974)
Tª mínima absoluta	12.1 (día 6)	6.4 (08/07/1996)		
Tª máxima media	31.2	29.7	33.8 (1989)	24.7 (1977)
Tª máxima absoluta	41.5 (día 17)	42.6 (20/07/1990)		
Precipitación acumulada	7	19	54 (1977)	0 (1974)

## Comentario:

Temperaturas superiores aos valores agardados. Neste caso o incremento das mínimas e mesmo superior ao das máximas. A media das mínimas foi a maior da serie.

A chuvia acumulada foi menor ao valor medio agardado. O mes pode considerarse seco, pero preto da normalidade